

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO TAMBRE COLABORA NO FOMENTO DAS DOAZÓNS DE SANGUE

Unha unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue desprazarase hoxe, luns 23 de marzo, ata o compostelán Polígono do Tambre para atender a todas as persoas que desexen participar na campaña de recollida de doazóns de sangue. O horario de atención aos doantes será das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 horas e a unidade móbil estará estacionada diante da Asociación de Empresarios do Tambre.

A Axencia quere agradecer a colaboración brindada pola Asociación de Empresarios do Tambre na organización das campañas desenvolvidas no polígono compostelán e que, desde o ano 1994, teñen recollido un total de 3.513 doazóns de sangue.